



“Aposto por un nacionalismo galego rigoroso, fóra do roteiro indecente que criticamos no españolismo”

[Marcos Pérez Pena](#) domingo 24, novembro 2013

[Xulio Pardo de Neyra](#), profesor da UDC, vén de publicar un estudo e edición de [Margarida a da sorriso d'aurora](#), "o primeiro conto infantil galego de autor", escrito por [Evaristo Correa Calderón](#) en 1927. Correa Calderón foi un escritor e xornalista, nacido en Baralla en 1899 e vencellado dende moi novo ao galeguismo e ás vangardas; foi redactor-xefe de *El Pueblo Gallego*, fundador (co seu irmán Juan Antonio) de *Vanguardia Gallega* e director de *Resol*. Nos anos trinta comezou o seu arredamento do galeguismo e despois da guerra mesmo ingresou na Falange.

Falamos con Xulio Pardo de Neyra, que a semana pasada [criticaba neste artigo](#) que se seguise situando, erroneamente, a asemblea nacionalista de Lugo no Hotel Méndez Núñez, sobre o papel da historiografía na construción nacional, e os erros e elaboracións idealizadoras que adoitan dominar este proceso, tanto no nacionalismo español coma no galego ou calquera outro.

Por que *Margarida a da sorriso d'aurora* é “o primeiro conto infantil galego de autor”?

Aínda que eu mesmo xa expliquei que foi Risco quen, de xeito anónimo, en 1921 publica *O Rei avarento*, o primeiro conto infantil da nosa traxectoria cultural –eu mesmo editeino e nun volume analicei o seu tempo mercé ao Servizo de Publicacións da Universidade de Compostela—; con efecto, *Margarida a da sorriso d'aurora* é “o primeiro conto infantil galego de autor”. Publicouse por *Nós* en 1927 e mesmo poderíamos apuntar que é simplemente o primeiro se consideramos que nese 1921, o propio Evaristo Correa Calderón e o voceiro nacionalista en que tan ben se lle trataba, *A Nosa Terra*, anuncian a inminente saída do contiño *A Princesa do Sorriso d'Ouro*.

Resultan interesantes as relacións e o interese que nese tempo esperta o galeguismo en moitas persoas próximas ás vangardas. A que cres que se debeu?

Evidentemente, a Galiza das vangardas históricas e, especialmente, a Galiza da *Época Nós* que tan ben define Carlos Baliñas, é o momento auroral en que, por vez primeira, a nación se constitúe como tal entidade. Daquela, e por iso é tan importante, cando se produce a institucionalización do nacionalismo –falo da I Asemblea Nacionalista de 1918, celebrada en Lugo—, a Galiza chega á maioría de idade. Non é estraño, pois, que un fato de vangardistas, con Correa á cabeza, decidise agasallar á cultura galega coas primeiras probas da estética máis rompedora de entón. E, en boa lóxica, naqueles tempos onde a formación comezaba a se estender a máis capas dunha sociedade pechada e inzada polo levitismo máis reaccionario,

chegou a xoves que, conscientes da súa pertenza a unha comunidade como a galega, se deixaron engaiolar polos ismos tan en boga naqueles anos. Evidentemente, daquela ser galeguista, ser nacionalista, podía implicar ás veces e en casos compromiso coa renovación, apertura e ilusión polo descoñecido, piares básicos no desenvolvemento de todas as persoas e os grupos.

Personaxe curioso, dende logo, o Evaristo Correa Calderón, non si? En que momento se empeza a afastar do galeguismo?

Evaristo Correa —e os feitos están aí para ser lembrados ou, neste caso concreto, para ser agochados e seguir a falsear a historia da nosa casa— é unha das figuras máis importantes e interesantes da cultura galega do seu tempo. É o escritor máis internacional da Galiza de todos os tempos: organizador do primeiro nacionalismo da Galiza, autor do primeiro conto infantil galego de autor, responsábel do primeiro poemario de vangarda na Galiza, autor dos primeiros textos neopopularistas, pioneiro no erotismo e a pornografía tanto galegas como españolas, etc. Curioso? Penso que de curioso nada ten. Foi un home especialmente comprometido coa realidade da súa casa e patria mais que, como tantos outros, por medo ou por desencantamento, en 1936 decide aliñarse co fascismo franquista. Do contrario ben podería ter perdido a vida. E si, en 1944, ano en que se fai catedrático de Ensino Medio, casa, por segunda vez, con M^a Luisa Maldonado, unha madrileña de ascendencia materna galega que era marquesa de Trives e marquesa de Castellanos. Talvez ambos feitos aínda hoxe lle serven para seguir a ser silenciado, a ser agochado e mesmo a ser criticado, cando os seus íntimos amigos Cunqueiro e Risco, tan só por pór dous exemplos, proclamaron o mesmo fascismo —maior en moitas ocasións—, traspasando este labor turiferario louvando ou desculpando o nazismo. Ambos, ademais, ben gabanciosos estaban das súas procedencias aristocráticas, e non dubidaron nin un momento, como Fole ou Otero Pedrayo, en escribir e escribir que os seus devanceiros eran nobres de sangue. Afastamento do galeguismo? Si, con efecto, el mesmo foi quen decidiu abandonar a loita naqueles especialísimos momentos e, non contento con iso, aproximarse aos membros de *Arriba* e *Escorial*, chegando a criticar publicamente o triunfo do socialismo español en 1982. Mais só con vérmonos e consultarmos a prensa —algo tan sinxelo— poderemos observar como foi especialmente Risco quen, con descarnadas e inxustificadas críticas relacionadas coa opción lingüística do Correa de entón —el, amais, é un dos pais do reintegracionismo novecentista— chegou a cansalo e a facer que decidise se afastar do sectarismo e o amiguismo que reinaba naquel nacionalismo auroral. Finalmente, e isto comentábamo M^a Luisa Maldonado, nun enterro, viñeron se apertar, bicándose e camiñando do ganchete lembrando a vella loita de tempos pasados.

Por que o interese, se o hai, por situar a asemblea nacionalista de 1918 no Hotel Méndez Núñez?

Penso que non existe ningún tipo de interese e se o hai descoñezo a motivación. Desde hai tempo que se fala de que a I Asemblea Nacionalista da Galiza foi naquel hotel, polo demais o hotel máis elegante e custoso do Lugo daquel momento. Mesmo se puxo unha placa ao lado da súa porta. Non dubido que, se é que algún dos asistentes ficou a durmir en Lugo, o fixese no Méndez, como aínda lle chamamos os e as lucenses, no Méndez ou no Alicia, ou no París ou no Antonio Fernández, que sei eu! Interese? Repito, non acado a supor o porqué. Talvez fose debido a unha suposición, mesmo á testemuña de alguén que o supuxo ou que simplemente non lembraba o lugar.

Como é posible que erros así (tan facilmente comprobables) non sexan discutidos e cheguen até os nosos días? Peca de preguiza a academia? É máis doado subir a un relato en marcha?

Non vou ser eu quen conteste estas tres preguntas, penso que cunhas respostas obvias de máis. Só direi que en 2002 defendín a miña Tese de Doutoramento en Filoloxía Galega: nela incluía, ademais de moitas outras cousas e asuntos daquela inéditos, o lugar da celebración de tal I Asemblea Nacionalista, que Evaristo Correa propiamente organizou. Desde entón saíron máis de seis libros en que falaba da asemblea luguesa.

É posible construír unha historia nacional con clarescuros? É imprescindible crear unha serie de xestas, personaxes, ideas-forza idealizadas?

Si, non só foi posíbel, senón que son feitos comprobábeis, tanto o de que a historia nacional de case todos os territorios se constrúe a base de fantasías coma o de que é imprescindible crear espazos ideolóxicos idealizados. O segundo asunto, claro, penso que responde a que as persoas, a fin de contas, adouramos os e as semellantes, e tal que adouradores e adouradoras de deuses humanos, necesitamos idealizar devanceiros e devanceiras: nalgúns casos perseguindo unhas motivacións, nalgúns outras. O primeiro responde quizais á propia natureza humana, mentirosa e maquinadora, e faino cando pretende terxiversar o que sexa para tratar de conseguir xustificar o que sexa, o que sexa.

Non supón isto tratar como menores de idade os cidadáns aos que se dirixe esta construción nacional?

Por suposto, se falamos de actualidade si. No século XIX, que é cando nacen boa parte dos mitos e das fantasías nacionais que todos e todas tan ben coñecemos (o Cid español, os reis godos, o marechal Pardo de Cela, o mito da Suevia, etc.), talvez tivesen algo de sentido, mais hoxe non, ou polo menos sempre recuperándoos como o que son, mitos e fantasías. Evidentemente, penso que non é o mesmo imaxinar o marechal Pero Pardo como un home ben parecido, limpo e mesmo un galeguista do século XV –algo bastante estúpido, por certo— e crer que a I Asemblea Nacionalista da Galiza foi no Méndez. Talvez sexa irrelevante que esta asemblea fose no Méndez Núñez ou no Lugo-Salón, mais tan só vou lembrar o momento en que o presidente da Xunta da Galiza, Núñez Feijóo, dicía que Rosalía era de Padrón. Houbo xente que se alporizou toda, e quizais deba ser algo desculpábel ou, en todo caso, irrelevante, non? Daquela, para quen di ou diga que, total, trescentos metros non son nada, quero proporlles que, se son capaces, fagan esta ecuación: non será que, na Galiza, Padrón é a Compostela o que, en Lugo, a Rúa da raíña é á de Aguirre? Total, que son trescentos metros? Que son trinta e catro quilómetros? Nada, nada en absoluto. O que non son nada, como sabemos, son vinte anos; xa o cantaba Gardel en *Volver*.

Na túa opinión o relato histórico construído polo nacionalismo galego cae nestes *pecados* na mesma medida que outros, coma o nacionalismo español?

Por suposto. Con feitos como este, e falo tanto de seguir a considerar que a I Asemblea Nacionalista foi no Méndez como de opinar que, total, é igual onde fose, seguiremos a louvar a fantasía, a mentira. Con efecto, só se trata dunha opereta, e ben engrazada por certo, o feito de lle levar flores e depositalas na campa do morto equivocado. Mais se seguimos así, talvez certa á do nacionalismo galego queira celebrar o pasamento de, por caso, Castelao, facendo unha ofrenda floral na tumba do Apóstolo, onde queira que se ache. Non creo nos pecados, nin na culpa, non son xudeo-cristián. O que si observo é que o que certas e certos nacionalistas galegas critican no españolismo (sectarismo, falla de rigor, ausencia de seriedade) é o que propiamente exercen, claro que, como xa expuña días atrás, talvez para, dun xeito rendeiro, facérense ouvir. E eu aposto por un nacionalismo galego serio, rigoroso, traballador, sempre fóra do roteiro indecente que moitos e moitas criticamos no españolismo, aquel que basea a súa actuación en feitos históricos falsos, aquel que agocha asuntos, homes e mulleres e aquel que, finalmente, só

procura a construción dunha seita empeñada en destruír o que non comungue con ela. E outra das cousas que, tamén comprobábeis e certas, quero salientar arestora é que o meu traballo sobre o contiño de Correa publícao a rigorosa editora baionesa Dos Acordes, rexida polo prof. Dr. Javier Jurado Luque, que ademais de ser editor e escritor, é un cordobés que fala e se desenvolve, acotío, en galego! Aí é nada ...